

# TIBI: BASTIANVS: IMPERATOR: PERVENSIS:

## Comentario do texto

O 15 de xullo de 1935, apenas unha semana máis tarde do remate da xeira que deu lugar ao Romance de unha fatal ocasión, está datada outra peza literaria, nesta ocasión dedicada a Sebastián González García-Paz por dous amigos e compañeiros do Seminario de Estudos Galegos; Ben-Cho-Shey (scripsit) e Xocas (pinxit).

Sebastián González tivo unha destacada presenza no Seminario, do que foi secretario de actas e secretario xeral. Os seus traballos de investigación orientáronse fundamentalmente aos campos da Arte e da Arqueoloxía. Amigo seu do tempo da Universidade de Madrid foi Xosé Ramón y Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey), que formalizou o seu ingreso no Seminario en outubro de 1928 e se dedicou de forma interdisciplinar, como era habitual na institución, a tarefas de historia, arte, arqueoloxía e etnografía. Por último, de sobra é coñecida a presenza e importancia na entidade de Xaquín Lorenzo Fernández, que ingresou en maio de 1926 e chegou a ser director da sección de Etnografía.

Desde o punto de vista formal o poema segue unha estética de tradición claramente romana. Na cuberta, a data e o título, “Tibi Bastianus Imperator peruensis Iosephus et Ioachinus amicus tuus dicant. S.V.L.”, están escritos en latín dentro do que parece unha placa conmemorativa de estilo clásico. Na portada figura unha ladaíña debaixo da que está representada a efixie de perfil de Sebastián González, caricaturizado cunha queixada prominente, nun medallón coa lenda arredor “Bastianus imperator peruensis. D. G. 1642”. Enmarcan o elemento numismático ramas de loureiro, atadas con cintas coas cores da República, e outros motivos vexetais. A escritura empregada en todo momento segue o modelo epigráfico romano, con letras sobremontadas e separación de tres puntos en vertical entre as palabras. As ilustracións teñen así mesmo un patrón clásico, cos personaxes ataviados con túnicas e togas, e Sebastián portando ademais unha coroa imperial tardomedieval.

A composición está escrita en galego e ten a estrutura dun romance, con versos octosílabos de rima asonante nos pares e libre no resto. A invocación a Sebastián de catro versos que figura na cuberta (“Meu señor don Sebastián / moço de noble fasquía / si non fora pol-o queixo / outro como il non había”), repítese ata tres veces ao longo do poema. No peche da peza, esta ladaíña duplica a súa extensión e introduce as mencións á condición de García-Paz como colexial de San Clemente e ao “furibundus” profesor Abelardo Moralejo Laso.

O tema do romance evoca tamén unha tradición medieval, e resalta nel a faceta como arqueólogo do destinatario da obra. Ben-Cho-Shey e Xaquín Lorenzo diríxense ao impreciso castro da vila para desfacer o encantamento dunha moura que chora o seu amor por Sebastián nunha cova dese lugar. Para iso levan o Ciprianiño, libro de maxia e conxuros varios, a xurupía, beberaxe típica da comarca de Oímbra, e un año para o sacrificio animal. Pese a todo, a moza persiste na decisión de esperar o seu amado aínda sabendo que non acudirá sacala do seu feitizo e da súa melancolía.

Sen dúbida, o contexto xeral no que se compuxo este romance é o mesmo do dedicado a Rodríguez Castelao; son obras de membros do Seminario de Estudos Galegos que enchen os baleiros que deixan os compañeiros ausentes con estes exercicios literarios. Ao contrario que no caso anterior, esta non é unha obra coral, senón que a súa responsabilidade se reparte entre Xosé Ramón y Fernández-Oxea, que escribiu o texto, e Xaquín Lorenzo Fernández, autor das ilustracións gracias á habilidade que tiña como caricaturista.

